

PP-PSOE governan para os ricos!

O sistema está en crise. Non paran de repetilo as empresas, os gobernos e os medios de comunicación para xustificar as súas políticas. Para saír dela, os mesmos que a provocaron tentan convencernos de que debemos resignarnos a que as cousas se repartan así: "austeridade" para nós, millónarios beneficios para os poderosos. Recortes no ensino e na sanidade para as clases populares, evasión de impostos para as grandes empresas e os que máis teñen. Menos dereitos laborais e sociais para quen traballa, máis facilidades para despedir e baixar os salarios para a patronal.

O PSOE aplicou todas estas políticas nos últimos anos, os máis duros axustes sociais e laborais que se lembran. Privatizacións, recortes nos servizos públicos, reformas laborais en favor dos empresarios, rebaixa nas pensións, reducións salariais... O PP apoiou todas estas medidas (e aplicounas nos lugares en que goberna, como a Xunta de Galiza) ou calou ante elas, e agora está plenamente disposto a acabar o traballo xa comezado, exercendo igual de ben ou mellor aínda como obediente xestor dos ditados dos poderes económicos. A plena sintonía que demostraron aprobando da man a reforma da Constitución para satisfacer os *mercados* ilustra perfectamente que están perfectamente de acordo no fundamental, deixando de lado os matices: PP e PSOE gobernan para os ricos.



>> Non temos por que escoller entre o mal menor e o maior, entre a dereita a a extrema dereita. A mocidade traballadora e estudante que saíu ás rúas nos últimos meses a protestar en defensa dos seus dereitos ten que ir agora a votar en favor de opcións que os defendan. Os de arriba votan sempre polo seus e mobilízanse activamente para conservar o control do goberno, para que todo siga igual. Os de abaixo, que somos máis e temos a razón do noso lado, temos que mobilizarnos, pois a nosa pasividade é a principal baza coa que contan para derrotarnos.

Cómpre pois apoiar tamén electoralmente a quen estivo na rúa en contra dos recortes sociais, a quen participou nas folgas xerais, a quen protestou contra as guerras imperialistas. Afortunadamente, non son todos iguais. Debemos apoiar a quen defende medidas como a creación dunha banca pública, o aumento de impostos aos máis ricos ou a conquista de dereitos laborais, salarios e pensións dignas. A quen defende o noso dereito de autodeterminación, porque somos unha nación que debe ser dona do seu futuro e que ten dereito a relacionarse en pé de igualdade co resto dos pobos.

Nuna situación coma esta, de potente ofensiva do capital, é mais importante que nunca afortalar o BNG, contribuíndo a que no seu seo gañen máis peso as posicións soberanistas e revolucionarias como a nosa.

Por iso, o 20-N a mocidade rebelde tamén debe mobilizarse co voto, en apoio do nacionalismo de esquerda.

folia
axitativa
de isca!

nº28

rebatar

www.iscagz.org
info@iscagz.org



nin dereita



nin
extrema
dereita